



## CONCELLO DE OLEIROS

### ANUNCIO

Despois da reunión do órgano de selección nomeado para xulgar o proceso para cubrir unha praza de **auxiliar de servizos varios** (persoal laboral fixo) polo sistema de concurso\_ oposición, de acordo coas bases aprobadas por resolución da segunda tenente de alcalde delegada de Persoal núm. 2022006143, do 15 de decembro (convocatoria do proceso selectivo aprobado de acordo artigo 2 da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), o tribunal acorda:

**Primeiro.**- Publicar a batería de preguntas á que fai referencia o punto 10.08 das bases que rexen na convocatoria, e que figuran como anexo a este anuncio.

**Segundo.**- Convocar ás persoas aspirantes para realizar a proba da fase de oposición (exame de coñecementos tipo test), que terá lugar o día 7 de febreiro de 2024 no Centro Municipal de Formación (rúa dos Regos, 24, Liáns, Oleiros).

O chamamento comezará ás 9.30 h polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra "V".

Os/as aspirantes deberán vir provistas do DNI ou da documentación acreditativa equivalente e cun bolígrafo coa tinta de cor azul ou negra.

O que se comunica para os efectos oportunos e público coñecemento.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo secretario do tribunal,  
Alberto Armada Rodal





## CONCELLO DE OLEIROS

### ANEXO – BATERÍA DE PREGUNTAS

#### 1. Segundo o artigo 6 da Constitución Española de 1978, expresan o pluralismo político

- a) As Cortes Xerais
- b) Os sindicatos
- c) As asociacións de empresarios
- d) Os partidos políticos

#### 2. De acordo co artigo 11 da Constitución Española de 1978, a nacionalidade española

- a) Adquírese, consérvase e pérdese de acordo co establecido pola Lei
- b) Unicamente corresponderá aos nados en España
- c) En ningún caso poderá compatibilizarse con outra nacionalidade
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas

#### 3. O artigo 17 da Constitución Española de 1978 establece con respecto á prisión provisional

- a) Que non poderá durar mais de 72 horas
- a) Que por Lei se determinará o prazo máximo da súa duración
- b) Que non poderá durar mais do tempo necesario para a realización das averiguacións
- c) Que non poderá durar mais de 48 horas

#### 4. O artigo 21 da Constitución Española de 1978 establece sobre o dereito de reunión

- a) Que as que persigan fins tipificados como delito son ilegais
- b) Que o seu exercicio non necesitará autorización previa
- c) Que non se poderá prohibir en ningún caso nin suposto
- d) Que se prohiben as de carácter paramilitar

#### 5. A Constitución Española de 1978

- a) Ten 9 disposicións adicionais e 4 transitorias
- b) Ten 5 disposicións adicionais e ningunha transitoria
- c) Ten 4 disposicións adicionais e 9 transitorias





## CONCELLO DE OLEIROS

d) Ten 2 disposicións adicionais e 9 transitorias

### **6. A Constitución Española de 1978 foi aprobada polas Cortes Xerais**

- a) O 31 de outubro de 1978
- b) O 27 de decembro de 1978
- c) O 6 de decembro de 1978
- d) O 29 de decembro de 1978

### **7. O Título III da Constitución Española de 1978 denomínase**

- a) Das Cámaras
- b) Das Cortes Xerais
- c) Do Poder Xudicial
- d) Economía e Facenda

### **8. A Sección 1ª do Capítulo Segundo do Título I da Constitución Española de 1978, denomínase**

- a) Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas
- b) Dos dereitos e deberes dos cidadáns
- c) Das garantías das liberdades e dereitos fundamentais
- d) Dereitos e liberdades

### **9. Na Constitución Española de 1978, o dereito á herdanza**

- a) Non se recoñece
- b) Figura na Sección dedicada aos dereitos fundamentais e as liberdades públicas
- c) Figura no Capítulo dedicado aos principios reitores da política social e económica
- d) Figura na Sección dedicada aos dereitos e deberes dos cidadáns

### **10. Na Constitución española de 1978, o Título VI denomínase**

- a) Economía e Facenda
- b) Do Goberno e da Administración
- c) Do Poder Xudicial
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**11. Segundo a Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, a entidade local básica da organización territorial do Estado**

- a) Non existe
- b) É a Provincia
- c) É o Municipio
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**12. O artigo 13 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, establece que a creación de municipios regularase**

- a) Pola lexislación do Estado sobre réxime local, exclusivamente
- b) Pola lexislación das Comunidades Autónomas sobre réxime local
- c) As dúas respostas anteriores son correctas
- d) Pola lexislación comunitaria

**13. No artigo 11 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, figuran como elementos**

- a) O territorio
- b) A poboación
- c) A organización
- d) Todos os anteriores son elementos do Municipio

**14. Segundo o artigo 19 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, o Alcalde**

- a) É elixido polos Concelleiros unicamente
- b) É elixido polos Concelleiros ou polos veciños
- c) É elixido polos veciños unicamente
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**15. Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, dirixir o goberno e a administración municipal corresponde**

- a) Ao Pleno
- b) Á Xunta de Goberno Local
- c) Ao Alcalde





## CONCELLO DE OLEIROS

d) A ningún dos órganos anteriores

### **16.Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a Xunta de Goberno Local intégrase**

- a) Polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do seu número legal
- b) Polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior á metade do seu número legal
- c) Polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior a 3.
- d) Polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior a 6.

### **17.Nos Municipios dunha poboación entre 5 001 e 20 000 habitantes, o Pleno celebrará sesión ordinaria (artigo 46 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local)**

- a) Cada dos meses
- b) Cada tres meses
- c) Cada mes
- d) Cada seis meses

### **18.As sesión plenarias han de convocarse, a lo menos (artigo 46 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local)**

- a) Con tres días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente
- b) Con cinco días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente
- c) Con dous días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente
- d) Con dez días hábiles de antelación, agás as extraordinarias que o foran con carácter urxente

### **19.Segundo o artigo 46 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, o Pleno celebrará sesión extraordinaria cando**

- a) Así o decida o Alcalde ou o solicite a terceira parte, ao menos, do número legal de membros da Corporación
- b) Así o decida o Alcalde ou o solicite a cuarta parte, ao menos, do número legal de membros da Corporación
- c) Así o decida o Alcalde ou o solicite a quinta parte, ao menos, do número legal de membros da Corporación
- d) Así o decida o Alcalde ou o solicite a metade do número legal de membros da Corporación

### **20.Segundo a Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, a aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización é unha competencia**

- a) Do Pleno





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) Do Alcalde
- c) Da Xunta de Goberno Local
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

**21. Que nome recibe a xunta indicada coa frecha:**

- a) Cordel.
- b) Tendel.
- c) Chaga.
- d) Unión horizontal.




**22. Cando na dosificación dun morteiro se utiliza una cantidade r... denomina...**

- a) morteiro cola.
- b) morteiro graso.
- c) morteiro árido.
- d) morteiro de receita.

**23. Que nome recibe a xunta indicada coa frecha:**

- a) Cordel.
- b) Tendel.
- c) Chaga.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



**24. Unha raedera serve para:**

- a) Facer morteiro.
- b) Facer rozas.
- c) Desencofrar.
- d) Para rascar paredes.

**25. Que area se utiliza en morteiros por ser máis fácil de traballar, ter o gran máis limpo de impurezas, ser liso e redondeado:**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) De machaqueo.
- b) De mina.
- c) De rio.
- d) De costa ou mariña.

### **26. Cal dos seguintes un árido artificial?**

- a) Arena de rio.
- b) Arena de machaqueo.
- c) Grava.
- d) Canto rodado.

### **27. En que consistirá o sinal visual de uso de perigo por electricidade?**

- a) Nun círculo de fondo branco con borde vermello.
- b) En sinais triangulares de fondo amarelo e borde negro.
- c) En imaxes en color branco sobre fondo vermello.
- d) Nun círculo azul con imaxes en cor branco.

### **28. Que é un enlucido?**

- a) Un revestimento con morteiro de cal.
- b) Un revestimento con morteiro bastardo.
- c) Un revestimento fino de cal e xeso.
- d) A e B son correctas

### **29. Que é unha obra de fabrica?**

- a) Un revestimento continuo.
- b) Unha edificación singular.
- c) Elemento construtivo a partir de ladrillo, pedras, bloque, unidos entre sí.
- d) Conxunto de ferramentas de albanería

### **30. Das seguintes ferramentas cal se usa para sacar terra dunha gabia:**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Un pico.
- b) Unha pala.
- c) Unha raedera.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

### **31. Unha raedera serve para:**

- a) Facer morteiro.
- b) Facer rozas.
- c) Desencofrar.
- d) Para rascar paredes.

### **32. O nivel serve para:**

- a) Comprobar a altura.
- b) Comprobar planicidade.
- c) As opcións a) e d) son correctas.
- d) Medir lonxitudes.

### **33. Para o corte idóneo dos ferros dunha malla electro soldada de $\varnothing$ 6, utilizarase:**

- a) Unhas tenazas.
- b) Unha cizalla.
- c) Unha serra.
- d) Todas as respostas anteriores son válidas.

### **34. Os morteiros en albanelería utilízanse como:**

- a) Material de agarre en unión de mampostos que integran as obras de fábricas.
- b) Revestimentos con enfoscados ou revocos.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Formigóns

### **35. Sinale como se chama á formación que obteríamos coa mestura dos seguintes materiais que aparecen no gráfico:**







**CONCELLO DE  
OLEIROS**

- a) Pasta
- b) Morteiro
- c) Formigón
- d) Morteiro bastardo



**36.O cemento branco é de cor:**

- a) Gris verdoso.
- b) Ocre.
- c) Branco.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

**37.Antes de pintar unha superficie metálica deberase...**

- a) Facer unha limpeza xeral.
- b) Desengraxar.
- c) Eliminar óxidos.
- d) Todas as opcións anteriores son correctas.

**38.Para evitar que o óxido apareza, hai que preservar o soporte con:**

- a) Antioxidantes.
- b) Tapaporos.
- c) Pinturas.
- d) As opcións a) e b) son correctas.

**39.Antes de pintar unha superficie metálica deberase...**

- a) Facer unha limpeza xeral.
- b) Desengraxar.
- c) Eliminar óxidos.
- d) Todas as opcións anteriores son correctas.

**40.A resistencia que ofrece un material á penetración da auga chámase:**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Impermeabilidade.
- b) Porosidade.
- c) Durabilidade.
- d) Todas as opcións anteriores son incorrectas

### 41.O verniz é un revestimento que....

- a) É transparente.
- b) É protector da madeira.
- c) Proporciona un acabado impermeable, resistente ao roce e ao calor.
- d) Todas as opcións anteriores son correctas.

### 42.As pinturas plásticas son:

- a) Pintura ao auga.
- b) Pintura ao aceite.
- c) Pintura nas que os seus ligantes son colas celulósicas .
- d) As opcións anteriores a) e c) son correctas.

### 43.Como se denomina a capa de aplicación previa destinada a mellorar as calidades do soporte de modo que reciba correctamente as capas de acabado previstas cun rendemento, remate e durabilidade correctos?

- a) Capa preparatoria.
- b) Capa de entibación.
- c) Capa de replanteo.
- d) Capa de imprimación.

### 44.Cal será a aplicación usual dunha pintura de poliuretano?

- a) Sobre revocos de cal en exteriores para obras de rehabilitación.
- b) Zócalos decorativos en vivendas.
- c) Garaxes e cubertas transitables.
- d) Regularización de paredes defectuosas e tapado de gretas.

### 45.O conglomerante que máis se usa en albanelería é:





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) O cal.
- b) O xeso.
- c) O cemento.
- d) A cola.

**46. Cal dos seguintes áridos ten orixe natural:**

- a) De mina.
- b) De río.
- c) De costa ou mariños.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**47. De cantas chapas adoita estar formado un tableiro contrachapado?**

- a) De dúas
- b) De tres
- c) De catro
- d) De seis

**48. Que tipo de bisagras se instala nos mobles de cociña?**

- a) Bisagra plana
- b) Bisagra de cazoleta
- c) Bisagra tipo pernio
- d) Bisagra de Piano

**49. Que ancho de premarco prefabricado pedimos, si nos din que o tabique e de ladrillo de 8cm?**

- a) 10
- b) 8
- c) 12
- d) 14

**50. Cantos grados hai que poñer a ingletadora para facer un marco de inglete?**

- a) 30º





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) 90º
- c) 45º
- d) 22,5

**51. Nos taboleiros, que nos indica o canto de cor verde?**

- a) Que é moi bo
- b) Que e moi duro
- c) Que e hidrófugo
- d) Que e inifugo

**52. Que máquina usaremos para facer ensambles a 45 graos?**

- a) A tupi
- b) A escuadradora
- c) A serra circular ingletadora
- d) A serra de cinta

**53. Que máquina se utiliza para perfilar, moldurar, ranurar e espigar?**

- a) A tupí
- b) A escopleadora
- c) A cepilladora
- d) A serra circular

**54. Que máquina utilizaremos para despezar un taboleiro de madeira?**

- a) A tupí
- b) A cepilladora
- c) A serra de cinta
- d) A regruesadora

**55. A recomendación mais importante que se debe seguir na limpeza de mobles é:**

- a) Realizala moi a miúdo.
- b) Non utilizar produtos abrasivos.





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) Que a realice persoal cualificado.
- d) Ningunha das anteriores é a correcta

**56. Que elementos adóitanse utilizar para protexer cantos e esquinas de elementos de carpintería e moble?**

- a) Papel engomado
- b) Plástico de burbullas
- c) Cantoneiras e esquineras
- d) Ningunha das anteriores é a correcta

**57. As patas roscadas de cociñas, ao viralas cara á esquerda ou a dereita, provocan no módulo que...**

- a) Fíxese no chan.
- b) Desprácese horizontalmente.
- c) Suba ou baixe.
- d) Non serven para nada están solo por estética

**58. Onde se poden axustar as portas correderas dun armario para conseguir a perpendicularidade e a aliñación entre follas?**

- a) Nos reguladores que posúen as rodas.
- b) Calzando o armario na parte traseira.
- c) Botando o chumbo no costado do armario.
- d) Rechendo con tiras de madeira os canais por onde corre a porta.

**59. Que instrumento serve para medir ángulos?**

- a) O goniómetro
- b) O pé de rei
- c) A falsa escuadra
- d) O sarxento

**60. Cal das seguintes ferramentas auxiliares serve para comprobar a horizontalidade e verticalidade na instalación de mobles e elementos de carpintería?**

- a) O nivel





## CONCELLO DE OLEIROS

- b) O metro
- c) A regra
- d) O Cartabón.

### **61. Un dos taboleiros que mellor admite as pinturas ou lacas é:**

- a) Taboleiro de fibra ou MDF
- b) Taboleiro alistonado de madeira
- c) Taboleiro contrachapado
- d) Todas as opcións son incorrectas

### **62. Un dos taboleiros que mellor admite as pinturas ou lacas é:**

- a) O taboleiro de fibra o MDF.
- b) O taboleiro alistonado de madeira.
- c) O taboleiro contrachapado.
- d) Todas as opcións son incorrectas.

### **63. Ao retirar as envolturas ou embalaxes de mobles hai que ter en conta...**

- a) a data de caducidade.
- b) a ferraxe que veña fixada no moble.
- c) os puntos febles do embalado, para retiralo con facilidade.
- d) as caras ocultas ou traseiras da peza ou pezas

### **64. O “percutor” é unha opción que ten o/a:**

- a) Cepillo eléctrico.
- b) Fresadora.
- c) Serra de calar
- d) Trade

### **65. Cal é a ferraxe de fixación máis común?**

- a) Escuadras metálicas.
- b) Tacos e parafusos.





## CONCELLO DE OLEIROS

- c) Espirros.
- d) Alcaiatas.

**66. Como se denomina a un modelo que axuda en rebaixes e acoples de pezas que tamén se utiliza para comprobar se os elementos dun conxunto están a escuadra?**

- a) Machihembrado.
- b) Cuña.
- c) Escantillón.
- d) Precerco.

**67. Defínese risco laboral como:**

- a) O esforzo humano aplicado á creación ou produción dun produto ou servizo que intercambia unha persoa por unha retribución.
- b) A posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- c) Calquera aspecto do traballo con posibles consecuencias negativas para a saúde dos traballadores, incluíndo, ademais dos aspectos ambientais e os tecnolóxicos, as cuestións de organización e ordenación do traballo.
- d) A posibilidade de que un traballador perda o seu traballo por cometer unha negligencia no mesmo.

**68. A disciplina de prevención cuxo obxectivo principal consiste na prevención dos accidentes de traballo, denomínase:**

- a) Seguridade no traballo.
- b) Hixiene Industrial.
- c) Ergonomía.
- d) Psicosocioloxía aplicada.

**69. Defínese accidente de traballo como:**

- a) A contraída como consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aproba na listaxe de enfermidades.
- b) Toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión ou a consecuencia do traballo que execute por conta allea e conta propia.
- c) Toda lesión corporal que o traballador sufra con ocasión o por consecuencia do traballo que execute por conta allea.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.





## CONCELLO DE OLEIROS

### **70. Desde o punto de vista legal, considerase accidente de traballo:**

- a) O accidente in itinere.
- b) Os accidentes que sufra un traballador en actos de salvamento.
- c) Os accidentes que sufra un traballador no cumprimento das ordes do empresario.
- d) Todas as anteriores son correctas.

### **71. As enfermidades derivadas do traballo poden vir causadas por distintos axentes contaminantes:**

- a) Axentes químicos.
- b) Axentes físicos.
- c) Axentes biolóxicos.
- d) Todas as anteriores son correctas.

### **72. Nunha escaleira de man desde a que se están realizando traballos que requiren esforzos perigosos, a partir de que altura é obrigatorio o uso do cinto de seguridade?:**

- a) A máis de 3,5 metros de altura, desde o punto de operación ao chan.
- b) A partir de 5 metros.
- c) Sempre que se realicen traballos que requiren esforzos perigosos, independentemente da altura de traballo.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

### **73. NON é obrigación das persoas traballadoras:**

- a) Usar adecuadamente as máquinas, aparellos,....
- b) Comprar equipos de protección individual adecuados.
- c) Non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade.
- d) Informar de inmediato acerca de calquera situación de risco.

### **74. Un ciclo de reanimación cardiopulmonar consta de**

- a) 30 insuflacións e 2 masaxes
- b) 2 insuflacións e 30 masaxes
- c) 1 insuflacións e 5 masaxes
- d) 5 insuflacións e 1 masaxe







## CONCELLO DE OLEIROS

### **75. En caso dunha queimadura grave debemos:**

- a) Cortar as roupas sobre a zona queimada. Non tratar de quitar a roupa adherida á queimadura.
- b) Romper as bochas.
- c) Dar a beber líquidos ao accidentado para mantelo hidratado
- d) Todas as anteriores son correctas

### **76. Cal dos seguintes elementos non é un equipo de protección colectiva?:**

- a) Varanda perimetral.
- b) Máscara respiratoria.
- c) Resguardo dunha máquina
- d) Todas as anteriores son correctas.

### **77. Os sinais de obrigación son de cor:**

- a) Vermello
- b) Amarelo
- c) Azul.
- d) Verde.

### **78. O peso máximo recomendado para unha carga en condicións ideais de mantemento para traballadoras e traballadores sans e adestrados (traballos esporádicos e en condicións seguras):**

- a) 25 kg.
- b) 15 kg.
- c) 40 kg.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

### **79. As luvas de seguridade deben ser ...**

- a) ... de goma
- b) ... metálicas
- c) ... transpirables
- d) ... de terciopelo





## CONCELLO DE OLEIROS

### 80.A primeira norma de seguridade laboral é:

- a) Ir descansado a traballar
- b) Evitar riscos
- c) Posuír os EPI
- d) Tomar 1 ou 2 cervexas antes de empezar a xornada

### 81.Unha boa práctica laboral é baixar o corpo flexionando os xeonllos, mantendo o lombo recto, en que caso?

- a) No retroceso de pezas.
- b) No exercicio físico.
- c) No movemento de cargas.
- d) No corte con serra.

### 82.Activar os sistemas de emerxencia require dunha secuencia fundamental, cal?

- a) Protexer, avisar e socorrer.
- b) Axudar, protexer e quentar.
- c) Protexer, socorrer e avisar.
- d) Avisar, protexer e axudar.

### 83.Cal dos seguintes riscos non se considera dentro dos posibles no manexo das máquinas de carpintería?

- a) Atrapamentos nas máquinas e máquinas-ferramentas
- b) Inhalación de produtos químicos
- c) Ruído
- d) Inhalación de po de madeiras brandas e duras

### 84.Cal dos seguintes elementos NON é un equipo de protección colectiva:

- a) A varanda de seguridade de protección de borde.
- b) O arnés anti-caída.
- c) O diferencial de obra.
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta.





## CONCELLO DE OLEIROS

### 85. Os sinais en forma de panel de obrigación, son de cor:

- a) Fondo amarelo, pictograma negro.
- b) Fondo azul, pictograma branco.
- c) Fondo vermello, pictograma branco.
- d) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

### 86. Cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Só os traballadores autorizados que teñan recibido unha formación adecuada poden manexar os equipos de elevación de cargas.
- b) Non hai que situarse nin permanecer baixo as cargas suspendidas, nin dentro do radio de acción das mesmas.
- c) Para operacións complexas de elevación, será necesario planificar especificamente a tarefa.
- d) Todas as opcións anteriores son correctas.

### 87. Durante a instalación do sistema de rega automático dun xardín ou parque, que afirmación é a correcta:

- a) O solape da superficie ca auga de rega entre aspersores de rega debe ser dun 70% mentres que nos difusores de rega debe ser do 100%
- b) O uso de difusores e aspersores nun mesmo sector de rega aumenta a eficacia do mesmo ó cubrir os pequenos ángulos e esquinas de toda a superficie.
- c) Para un mesmo colector de rega, con programador sen acometida eléctrica externa, electroválvulas de 9 Voltios e sen chave de corte, o uso da reductora de presión á saída do sector de goteo non é necesaria.
- d) O caudal e a presión de acometida de auga ó xardín determina a cantidade de sectores necesarios para cubrir toda a superficie.

### 88. A instalación de rega nun xardín ben proxectada realízase:

- a) Tras o estendido da terra vexetal final e antes das sendas necesarias para conseguir un solape da auga de rega perfecto.
- b) Prescindindo da instalación de iluminación e drenaxes e das raíces superficiais.
- c) A ser posible, con sectores en circuío pechado despois da electroválvula para distribuír caudais e presións por igual en tódolos elementos emerxentes.
- d) Enterrando as tubaxes que albergan os aspersores emerxentes a 65 cm de profundidade para evitar roturas.





## CONCELLO DE OLEIROS

### 89. Indica a resposta correcta:

- a) O vento non inflúe á hora de proxectar a posición exacta dos aspersores, si o solape entre eles.
- b) En zonas do xardín susceptibles de encharcamento ou sombra nunca se instala rega automática.
- c) En medianas axardinadas con céspede ornamental de 3 metros de ancho, a instalación de rega so se pode realizar con difusión, nunca con goteo.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

### 90. Despois de sementar verán é aconsellable:

- a) Aplicar un herbicida de folla ancha ós dous días para eliminar malas herbas.
- b) Escarificar o terreo para airealo
- c) Compactar a superficie do terreo para diminuír o encharcamento
- d) Acender o sistema de rego automático para manter a semente sempre húmida durante a nacemento.

### 91. O estudo da instalación dun rego automático de aspersión, difusión ou goteo nun xardín, non depende, de:

- a) A pendente do terreo
- b) As medicións da superficie a regar.
- c) Do arborado aillado
- d) O uso que fagan os usuarios

### 92. O mantemento dunha instalación de rega consiste en:

- a) Limpar de terra e raíces aspersores e difusores so despois do inverno.
- b) Revisar e solucionar fallos do programador, electroválvulas, aspersores e outros elementos da instalación durante todo o ano.
- c) Realizalo so se hai unha fuga de auga durante o tempo que está acendido.
- d) Programar os tempos de rega de cada sector na electroválvula mestra.

### 93. Que sistema de rega aforra máis auga?

- a) Por difusión
- b) Por surcos
- c) Por goteiros





## CONCELLO DE OLEIROS

d) Por aspersión

### **94.Os distintos tipos de podas que se poden aplicar a unha árbore adulta presente na alineación dunha cidade, pretenden:**

- a) Unicamente desmochalo á altura da cruz cada 3 ou 4 anos.
- b) Retocalo exclusivamente cando supoñan un perigo para o viandante ou o paso de vehículos.
- c) Descabezalo todos os anos, eliminando o seu ápice para evitar a falta de luz nas fachadas das vivendas.
- d) Xestionar un correcto equilibrio do seu crecemento.

### **95.O corte de poda correcto dunha pola debe:**

- a) Realizarse a ras do tronco sobre o que se sustenta a pola.
- b) Deixar un pequeno tocón para evitar a pudrición da madeira e a aparición de enfermidades.
- c) Realizarse a máis cerca do cuello, sin ferilo, respectando ese anel de cicatrización.
- d) Realizarse en un so corte, en caso de ser polas pesadas e grosas.

### **96.A presenza dun tirasavia non ten por obxecto:**

- a) Favorecer a cicatrización.
- b) Impedir a proliferación de chupóns ou numerosos brotes.
- c) Reducir as posibilidades de morte da rama.
- d) Crear unha 'cabeza de sauce'.

### **97.O céspede necesita fosfatos principalmente para:**

- a) Estimular o crecemento foliar.
- b) Fortalecer o sistema radicular.
- c) Desfavorecer a formación de brotes radiculares laterais innecesarios.
- d) Favorecer o drenaxe do fieltro.

### **98.A absorción dos nutrientes polas raíces das plantas, lógrase por un fenómeno chamado:**

- a) Saturación
- b) Osmosis
- c) Trombosis





## CONCELLO DE OLEIROS

d) Clorosis

### 99.O Imidacloprid é a materia activa dun:

- a) Herbicida de folia ancha
- b) Fungicida
- c) Abono con alta concentración en cloratos.
- d) Insecticida

### 100. Cál de estas enfermidades non se corresponde coa especie vexetal afectada?

- a) *Rhynchoporus ferrugineus* coa especie *Phoenix canariensis*
- b) *Cydalima perspectabilis* coa especie *Buxus sempervirens*
- c) *Thyphula incarnata* coa especie *Cornus capitata*
- d) *Dryocosmus kuriphilus* coa especie *Castanea sativa*

### 101. Que é un insecticida sistémico?

- a) Un insecticida moi tóxico
- b) Un insecticida de contacto que se aplica sistemáticamente cada 7 días.
- c) Un insecticida que se aplica en preemerxencia
- d) Un insecticida que é absorbido pola planta.

### 102. O éxito dun inxerto radica en:

- a) A afinidade entre o portainxerto e o patrón.
- b) O bo contacto do cambium do patrón e o cambium da variedade.
- c) Manter os brotes tenros que salgan por debaixo da zona do inxerto.
- d) Utilizar preferiblemente fitohormonas para diminuír o proceso de soldadura dos tecidos.

### 103. Que utilidade ten o inxerto?

- a) É un método de multiplicación sexual.
- b) Manter as características da descendencia dunha variedade de froita ou planta ornamental de interese comercial.
- c) Reduce a resistencia a determinadas enfermidades e fungos do chan.





## CONCELLO DE OLEIROS

d) Desacelera a madurez reprodutora.

104. **O mellor momento para podar é:**

- a) Mentres as follas estanse formando ou caendo.
- b) Durante a brotación.
- c) Cando a árbore ten altas as reservas.
- d) Tras unha seca ou ataque de Praga ou enfermidade.

105. **Que é o escarificado dun céspede?. Marca a resposta incorrecta**

- a) Eliminala capa de fieltro
- b) Favorece-lo abonado e a aireación
- c) Descompacta e mellora a permeabilidade do chan
- d) Favorece-la floración e segado do céspede

106. **As follas dos pinos chámanse:**

- a) Acículas
- b) Filamentos
- c) Pinochas
- d) Piñas

107. **Para erradicar as malas herbas ou herbas non desexadas antes de que salgan, utilizaremos:**

- a) Un herbicida de post-emergencia
- b) Azufre
- c) Un herbicida de pre-emerxencia
- d) Abono

108. **A savia bruta é aquela que:**

- a) Circula en sentido descendente das follas ó resto da planta.
- b) Dende a raíz, ascende cara o resto da planta
- c) É o produto resultante do consumo por parte da planta de savia elaborada
- d) Ningunha é correcta.





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**109. Que son os áfidos?**

- a) Insectos pequenos de cor amarela que motean as follas.
- b) Pequenos insectos que se moven con gran rapidez polas plantas
- c) Pulgóns que segregan un líquido que reduce a cor e o tamaño da floración
- d) Un fungo que ataca as follas.

**110. Problemas que presenta a poda no arborado. Marca a resposta incorrecta:**

- a) As podas fortes reducen a vida da árbore
- b) Cortar ramas grosas provoca malas cicatrizacións e entrada de enfermidades
- c) É custosa pola necesidade de operarios especializados
- d) Deben de realizarse podas fortes para favorece-la frutificación

**111. Na aplicación de produtos fitosanitarios hai que ter en conta ...**

- a) Canto máis líquido botamos, máis eficacia.
- b) Botar a proporción indicada no envase.
- c) Podemos misturar sempre 2 o máis produtos sen problema.
- d) Ningunha é correcta

**112. Sinala aqueles elementos que son esenciais para a vida das plantas pero que non son subministrados polo terreo:**

- a) Carbono e osíxeno
- b) Nitróxeno, fósforo e potasio.
- c) Nitróxeno, osixeno e carbono
- d) Ningunha é correcta

**113. As raíces adventicias son aquelas que:**

- a) Teñen carácter leñoso
- b) Parten do subsuelo, estando enterradas
- c) Parten do tallo
- d) Ningunha é correcta







## CONCELLO DE OLEIROS

**114. A hora de realizar un tratamento fitosanitario, é importante ter en conta o punto de goteo, de modo ca aplicación deberá facerse:**

- a) Por debaixo do punto de goteo.
- b) Por encima do punto de goteo.
- c) Moi por encima do punto de goteo.
- d) Sen ter en conta o punto de goteo.

**115. Cal destes inxertos son de xema?**

- a) Inxerto de lengüeta.
- b) Inxerto de escudete.
- c) Inxerto de hendidura.
- d) Inxerto de coroa.

**116. A que denominamos sabia elaborada?**

- a) Á ascendente
- b) Á descendente
- c) Ambas son correctas
- d) Ambas son incorrectas

**117. Tipos de poda de árbores. Marca a resposta incorrecta:**

- a) Poda de mantemento
- b) Poda de frondosidade
- c) Poda de limpeza
- d) Poda de formación

**118. Cal destas non é unha labor de mantemento?**

- a) Limpeza e rego
- b) Abonado e control de plantas indeseadas
- c) Esquejado
- d) Poda e tratamentos fitosanitarios





## CONCELLO DE OLEIROS

119. **Cales son os danos producidos polas pragas nas plantas?**

- a) A. Comen e fan galerías
- b) B. Provocan falta de nutrientes e acidez no chan
- c) C. Producen tumores e son vectores de enfermidades
- d) D. As respostas a) e c) son as correctas

120. **Indique cuál das seguintes afirmacións é a correcta:**

- a) Toda a poboación está exposta aos efectos nocivos dos praguicidas
- b) Solo as persoas que aplican os praguicidas en campo están expostas aos seus efectos nocivos.
- c) Os fabricantes de praguicida non sofren ningún risco de intoxicación
- d) Os familiares dos aplicadores de praguicidas non sofren riscos de intoxicación por praguicidas, xa que non os empregan no seu traballo.

121. **Que debemos facer na aplicación dun produto fitosanitario?**

- a) Si as condicións climáticas non son favorables, apurar para terminar o antes posible.
- b) Duplica-la dose recomendada na etiqueta para asegura-la súa eficacia.
- c) Non realizar tratamento si as condicións climáticas son desfavorables.
- d) Gardar o sobrante ata a próximo tratamento para evitar riscos de contaminación e aproveitar o produto ao máximo.

122. **Os produtos fitosanitarios deben almacenarse sempre con:**

- a) O resto de materiais perigosos existentes no almacén (combustibles, etc, ...) pero nun espazo onde exista ventilación natural.
- b) Sempre en armarios de seguridade, pechados con chave, co resto de materiais perigosos (combustibles, etc, ...) nun espazo onde exista ventilación natural ou forzada e coa sinalización de prohibido fumar.
- c) Sempre en armarios de seguridade, pechados con chave, co resto de materiais perigosos (combustibles, etc, ...) nun espazo onde exista ventilación natural ou forzada, sinalizado de prohibido fumar e onde exista unha bandexa de recollida de vertidos.
- d) Sempre en armarios de seguridade, pechados con chave, sinalizado con prohibición de fumar, con bandexa de recollida de posibles vertidos e nunca co resto de materiais perigosos (combustibles, etc, ...)

123. **A mellor época para realizar inxertos vai dende:**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Xaneiro a marzo preferiblemente para inxertos de xema.
- b) Principios de primavera a outono preferiblemente para inxertos de púa.
- c) Durante todo o ano en invernadoiros.
- d) Durante a parada vexetativa de outubro a xaneiro.

**124. Prevención de riscos laborais para o uso da maquinaria:**

- a) Manexar as máquinas con destreza e vixiar que non pase xente.
- b) Respetar as normas de seguridade e ler o manual de instrucións
- c) Non manipular as medidas de seguridade instaladas e realizar revisións antes do seu uso
- d) As respostas b) e c) son correctas

**125. Tarefas de mantemento necesarias para a maquinaria e accesorios. Marca a resposta incorrecta:**

- a) Limpar ou cambiar filtros de aire, comprobar niveis de auga, aceite, combustible etc.
- b) As buxías limpadas, comprobadas ou substituílas, afiado de coitelas, lubricar.
- c) Limpar o filtro de gasoil ou cambiar, afiado de coitelas, reparala dirección
- d) Empregar aceite con colorante para a mestura de motores de dous tempos

**126. Cales son as clases de plantas que segundo a súa forma de reprodución presentan flores e froitos que recubren as súas sementes?**

- a) Anxiospermas
- b) Tódalas ximnospermas
- c) Tódalas fanerógamas
- d) Criptógramas

**127. Determina a orde correcta dos seguintes nomes comúns co seu nome científico: Carballo común, Sobreira ou Corticeiro, Encina e Carballo vermello americano.**

- a) Quercus robur, Quercus suber, Quercus ilex e Quercus petraea
- b) Quercus palustris, Quercus robur, Quercus petraea e Quercus ilex.
- c) Quercus suber, Quercus ilex, Quercus petraea e Quercus robur.
- d) Quercus robur, Quercus suber, quercus ilex e Quercus rubra.

**128. Que parella de especies son ámbalas dúas de folla caduca nesta latitude?**





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) *Taxodium distichum* e *Ginkgo biloba*
- b) *Gynkgo biloba* e *Eriobotrya japonica*
- c) *Citrus sinensis* e *Salix babylonica*
- d) *Carpinus betulus* e *Ligustrum japonicum*

### 129. Cal das seguintes afirmacións é a verdadeira?

- a) Anuais son plantas herbáceas que sembradas en verán ou outono, florecen a primaveira do ano seguinte.
- b) *Teucrium fruticans* e *Impatiens walleriana* son plantas bianuais en Galicia que se desenrolan en dous anos distintos.
- c) A consideración de bianual dalgunhas especies depende do clima.
- d) A diferenza entre planta anual, bianual e perenne, é que estas dúas últimas desenrolan tallos leñosos.

### 130. Das seguintes trepadoras ou enredadeiras, Cal é de folla perenne?

- a) *Ficus pumila* 'repens'
- b) *Wisteria sinensis*
- c) *Parthenocissus quinquefolia*
- d) *Ampelopsis veitchii*

### 131. Pasos para a preparación do chan e sementado de céspede. Marca a resposta incorrecta:

- a) Subsulado, despedregado e abonado de fondo
- b) Desmenuzado, nivelación e rastrillado
- c) Sementado, encalado, rulado e rega
- d) Sementado, rastrillado superficial, rulado e rega

### 132. Cal das seguintes especies arbustivas non toleran a sombra?

- a) *Lavándula angustifolia*
- b) *Gardenia jasminoides*
- c) *Dyopteris affinis*
- d) *Hydrangea hortensis*

### 133. Cal do seguinte grupo de especies non toleran ambas a salinidade?





## CONCELLO DE OLEIROS

- a) Metrosidero excelsa e Tamarix gallica
- b) Pinus pinaster e Lagunaria marítima
- c) Fagus sylvatica e Betula utilis 'Jacquemontii'
- d) Morus platanifolia (Kagayamae) e Laurus novilis

**134. Unha mestura habitual de gramíneas adecuada para un céspede utilitario estaría formada polos xéneros:**

- a) Poa, Festuca e Lolium.
- b) Agrostis, Lolium e Rumex.
- c) Festuca, Trifolium e Poa.
- d) Agrostis, Phleum e Bellis.

**135. Destas especies de céspede, cal é a máis adecuada para instalar nun xardín nas zonas de sombra?**

- a) Agrostis stolonifera
- b) Poa pratensis
- c) Lolium perenne ou ray grass
- d) Festuca arundinacea

**136. Que é un sustrato estéril?**

- a) É un sustrato que está libre de insectos, fungos e outros patóxenos
- b) É un sustrato que sae do composteiro.
- c) Sustrato que posúe grandes propiedades para a realización de sementeiros.
- d) Trátase da fermentación dos restos vexetais polo cal destrúense as sementes.

**137. Cales son os beneficios da materia orgánica para un chan?**

- a) Agrega as partículas e esponxa o chan. Retén a auga e os minerais.
- b) Xunta as partículas, mellora a dureza e regula o crecemento das plantas.
- c) Favorece o desenvolvemento da vida microbiana e achega nutrientes lentamente.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

**138. Destes cales son abonos orgánicos procedentes de vexetais ou de residuos animais?**





## **CONCELLO DE OLEIROS**

- a) Esterco, turba, cinzas, guano, gallinaza e compos
- b) Guano, residuos animais, compost e nitrato amónico
- c) Superfosfato, compost e gallinaza
- d) Sulfato de potasio, sulfato amónico e urea

